



# **DO LANGUAGE POLICIES WORK AT THE GRASSROOTS LEVEL?**

**Role of Galician parents**

**Anik Nandi**

**2012-15**

Un dos elementos máis definitorios da cultura dun pobo é, sen dúbida, a súa lingua, xa que -alén de ser o principal mecanismo de comunicación entre as persoas- os idiomas serven tamén para transmitir emocións, sentimentos e valores sociais, atopándose por iso ligados a procesos de construción de identidades colectivas. Consecuentemente, as linguas reflicten o núcleo cultural das comunidades que as falan, e é a través delas como a memoria colectiva -as anécdotas, as tradicións, os coñecementos e os valores- se transmite de forma inter-xeracional. Case todos os Estados teñen no seu territorio nacional un ou varios grupos de minorías -ben sexan minorías étnicas, lingüísticas ou relixiosas- que difiren do resto, da maioría da poboación. As relacións harmoniosas entre as minorías e as maiorías e o respecto da identidade de cada un dos grupos constitúen un elemento sumamente positivo para a diversidade multiétnica e multicultural da humanidade. As linguas de grupos indíxenas -minorizados e/ou minoritarios- están estreitamente vinculadas á identidade cultural, relixiosa e étnica. Nesta época de economía globalizada, tende a considerarse que son pouco rendibles. O sociolingüista Fishman (1989) describe este proceso como «folclorización». Entre as comunidades minorizadas e/ou minoritarias, algunhas esixen que se respecten os seus dereitos lingüísticos e loitan para conseguir que as súas linguas gocen dun status oficial, mentres que outras optan por asimilarse na sociedade multilingüe. O desprazamento dun idioma é indiscutiblemente o primeiro paso cara á súa desaparición. Os sistemas educativos e os medios de comunicación e, por encima de todo, a familia xogan un papel moi importante nos procesos de asimilación lingüística.

O traballo de investigación que teño levado a cabo dende outubro de 2012 na Heriot-Watt University (Edimburgo, Reino Unido) coa finalidade da miña Tese de Doutoramento, é, unha boa parte, a continuación dun estudo anterior que realicei entre os anos 2009 e 2012 baixo a dirección do Prof. Dr. Henrique Monteagudo na Universidade de Santiago de Compostela. Durante o meu proxecto actual de Doutoramento, tentamos facer unha reavaliación de conceptos sociolingüísticos e glotopolíticos tal e como desprazamento e mantemento dos idiomas minorizados a través da aplicación da súa teoría de “investimento do desprazamento da(s) lingua(s) ou *Reversing language shift*” (Fishman 1991, 2001) e os seus efectos inmediatos na política lingüística ao nivel individual (Ó Laoire et.al 2011; Spolsky 2012b; Ó hlfearnáin 2012) e a planificación das linguas -minorizadas e/ou minoritarias- dentro da familia. As prácticas lingüísticas no ámbito familiar son sumamente importantes para entender o proceso de transmisión interxeracional dunha lingua desfavorecida (Spolsky 2004, 2009, 2012a, 2012b; King et a o. 2008; Caldas 2012; Ó hlfearnáin 2012; Curdt-Christiansen 2009, 2014). Para estudar a vitalidade etnolingüística do idioma, consideraremos e aplicaremos os modelos de Giles et.al (1977) e Haarman (1986). Como o meu traballo se centra na glotopolítica de Galicia, para a avaliación da política lingüística e o seu impacto na sociedade galega, seguiremos cos modelos desenvolvidos por Monteagudo e Bouzada (2002); Lorenzo e Monteagudo

(2005) tendo en conta as achegas de Ricento e Hornberger (1996), Hornberger (2006), Shohamy (2006), King et.al (2008), McCarty (2011), Casales-Johnson (2009, 2013) e Spolsky (2004, 2009, 2012a).

Nunha sociedade bilingüe, cada individuo adulto dentro da familia ten as súas propias prácticas lingüísticas e crenzas sobre a elección de idioma (Ó Laoire et.al 2011; Spolsky 2012b; Ó hlfearnáin 2012). Un dos principais obxectivos deste estudo é investigar o papel de «organismo individual» (por exemplo, o pai e a nai) na negociación, interpretación e aplicación de políticas lingüísticas ao nivel local. Por medio dun enfoque etnográfico (Blommaert 2005; Blommaert and Jie 2010; Heller 2008; Atkinson et a o. 2001), isto estudarase en relación cos pais galegos que, a través das súas crenzas e prácticas lingüísticas individuais, desempeñan un papel predominante na revitalización e mantemento do galego fóra da escola, concretamente dentro da familia. Así, o enfoque principal da miña investigación é:

¿Como funcionan as políticas lingüísticas de arriba-abaixo (do Goberno) fóra da escola?  
¿Cales son os actores principais que inflúen e/ou controlan a implementación de políticas lingüísticas ao nivel local? ¿Hai algunha discrepancia entre os documentos de política lingüística do Goberno e a súa implementación local?

E as preguntas secundarias son:

1. ¿Qué coñecemento teñen os pais sobre a política lingüística? Se o teñen, ¿cales son as actitudes dos pais cara á política lingüística actual da Xunta?
2. ¿Cales son as expectativas dos pais desde unha política lingüística? ¿Inflúe a política lingüística do Goberno dalgún xeito aos pais ao elixir as lingua(s) de educación?
3. ¿Os pais e nais crean as súas propias políticas lingüísticas na familia (PLF)? Se o fan, ¿como describen as crenzas e prácticas lingüísticas que forman e/ou desenvolven a súa PLF?

Os resultados desta investigación permitirannos coñecer o xeito en que se articulan fenómenos tales como o cambio lingüístico, o mantemento e a revitalización da lingua galega. Suscitando un enfoque comparativo con outras situacións similares presentes no espazo español e internacional esta información adquire especial importancia para a planificación das políticas adecuadas ao caso galego.

Nos últimos sesenta anos foise constituíndo un campo de estudos novos, de carácter transdisciplinar, o que denominamos sociolingüística. Unha rama da sociolingüística, coñecida (entre

outros) co nome de glotopolítica, especialízase na aplicación dos parámetros sociolingüísticos, mediante os procedementos previstos pola Normalización lingüística, á regulación das situacións de contacto lingüístico e á revitalización de idiomas desfavorecidos. A complexidade do asunto tratado faise evidente cando se ten en conta que a linguaxe é un fenómeno imbricado de múltiples xeitos nunha serie amplísima de facetas fundamentais do ser e do existir, da identidade e da actividade de cada un de nós e da colectividade (ou colectividades) das que formamos parte.

Neste proxecto, intento investigar cales son os factores máis relevantes para entender esta situación, as claves da súa configuración e da súa evolución. Propóñome analizar tamén como interactúan eses factores entre si e como afectan aos idiomas en contacto e os seus falantes, así como estudar se é posible prever cun mínimo de certeza a dirección dos cambios. Pero, sobre todo, si é posible exercer algún tipo de influencia nesa dirección. E como obxectivo máis relevante: investigar a viabilidade da recuperación dun idioma ameazado de desaparición, obrigado a contender cun idioma dominante e cales son as condicións mínimas para o éxito nesta empresa. Cales son os instrumentos necesarios para conseguilo, os axentes encargados de realizala e finalmente, cal é o xeito idóneo de avaliar os resultados destas intervencións.

Para este estudo, o meu obxectivo é atopar pais que pasaron polo sistema educativo de Galicia a partir do 1975 e viviron as primeiras políticas lingüísticas da autonomía. Usando datos etnográficos, vou desenvolver a miña análise sobre (a) as entrevistas semi-estruturadas profundas (b) as observacións e notas dos campos de investigación e (c) tres grupos de discusión. Os datos primarios para a miña investigación serán, polo tanto, recollidos das entrevistas, observacións participantes e grupos de discusión. As mostras do meu estudo son pais e nais de nacionalidade española entre o grupo de idade de 35-50 anos, e de diversas orixes profesionais. A información básica, de carácter demolingüístico, obterase a partir de bases de datos estatísticos de carácter sociolingüístico xa dispoñibles; en particular, o Mapa Sociolingüístico de Galicia, da Real Academia Galega, 1992, e os módulos de coñecemento e uso do galego das enquisas de 'Condición de Vida das Familias', do Instituto Galego de Estatística, de 2003 e 2008. Estas enquisas permiten realizar proxeccións en tempo aparente, o que nos permitirá simular a evolución dos parámetros sociolingüísticos básicos: lingua inicial, lingua usual e competencia lingüística. Para obter outras informacións complementarias, recollerei información noutros sitios web do Goberno, os medios de comunicación, revistas e informes de política lingüística.

Para o meu traballo de investigación, seleccionei dúas escolas primarias e unha gardería, situadas en tres diferentes zonas de Galicia: Bertamiráns, Esteiro e Narón. Cada unha das áreas presenta un perfil sociolingüístico distinto que se pode atopar no texto detallado en inglés que vai

como anexo. Aínda que a miña investigación non se vai levar a cabo nas escolas, as escolas poden facilitar o acceso aos pais. Cabe mencionar aquí que as escolas en Bertamiráns e Esteiro son escolas primarias públicas, mentres que a escola en Narón é unha guardería privada financiada por unha cooperativa que se chama 'Galiza co Galego', unha asociación sen ánimo de lucro que pretende constituír o 'Fondo económico da Escola Popular', para axudar ás familias a exercerem o dereito universal da infancia á educación, máis unha educación en galego, pluralista, democrática e de valores. Durante o meu estudo piloto en novembro de 2013, púxenme en contacto cos responsables da normalización lingüística nas respectivas escolas e a selección de pais realizouse polo método de "snowball sampling". A gravación dixital utilízase para facilitar a transcripción.

O meu estudo piloto, como se explica no informe adxuntado, ofrece varias ideas interesantes sobre a función da política lingüística alén das restriccións do sistema escolar e como os axentes individuais, particularmente os pais e nais, interpretan e implementan a política lingüística do goberno e cómo eles desenvolven política lingüística familiar a través de prácticas lingüísticas individuais. Con todo, para unha mellor comprensión do tema e unha maior validez da investigación, esíxese un traballo de campo máis extenso noutras rexións de Galicia. Vou voltar a Galicia en maio, para realizar o traballo de campo extensivo en Bertamiráns, Esteiro e Narón.